

## **COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE COHERENCIA ENTRE O EXECUTADO E OS OBXECTIVOS PROPOSTOS E PRESENTADOS**

PLENO 25 OUTUBRO 2012. ACTA 17/2012

Polo voceiro da Agrupación de Electores de Redondela, ao abeiro do contemplado nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, solicita a **comparecencia do Alcalde para que nos informe sobre a coherencia entre o executado e os obxectivos propostos e presentados polo seu partido.**

*O Alcalde dí que a execución do orzamento é razoablemente boa, o que se buscou é axustar a realidade cos ingresos e gastos, a intención é ser austeros e realistas na execución de gastos en función dos ingresos. O Plan Marisma limita o tema inversión e a situación respecto de exercizos anteriores é mellor. Se encontraron cunha débeda de 30000 euros coa aprobación do Decreto polo Estado respecto á facturas sen pagar. Neste momento considera que a situación non é mala. Dí que a subida do IVE tamén afectou ao orzamento, e que se está controlando o orzamento mes a mes, pola propia concelleira, levando a cabo un traballo exhaustivo.*

*O concelleiro Varela Couñago dí que os orzamentos son compromisos, e que teñen que executarse partidas que sexan para a cidadanía de Redondela. A día de hoxe a recadación é similar á de anos anteriores. Dí que en diferentes departamentos do equipo de goberno téñense sen executar partidas, incumprindo promesas feitas aos veciños. Teñen abandonado o tema dos verquidos aos ríos. Que inverten en empresa privada como mantemento informático, limpeza de beirarrúas, acercándose nestes dous anos que leva de goberno ao modelo de xestión anterior. Que non existen un nivel de execución do orzamento dun 70 ou 80%, só hai inversións que proceden doutras administracións.*

*Que no pleno do mes de abril debatiuse sobre os orzamentos queixándose o grupo AER da excesiva previsión do ingreso, e poñendo como exemplo a recadación en taxas, sendo a recadación a data de hoxe, similar a anos anteriores. Descoñecendo cando se van facer as obras de reparación do viaduto, e lonxa de Cesantes.*

*Que o goberno municipal retrásase á contestación dos seus escritos presentados en relación ao Lolapop, queixándose da situación no que se atopan a maioría dos permisos das terrazas dos bares do concello, rematando solicitando ao Alcalde que presente unha cuestión de confianza ao Pleno para saber se conta co apoio as súas políticas.*

*O Alcalde resposta que a comparecencia era sobre a execución do orzamento e que o concelleiro do grupo municipal AER plantexou na exposición da comparecencia outras moitas cuestións non relacionadas co asunto. Respecto á referencia sobre inversións doutras administracións leva aparellado un traballo de xestión. Dí que o orzamento se está exprimindo gracias á xestión de inversións que veñen doutras administracións. Hai mellora en relación a outros anos respecto ao seguimento da xestión do orzamento.*

*Respecto ás inversións, están traballando, poñendo como exemplo, a lonxa de Cesantes e as obras de reforma do Viaduto. Hai proxectos abertos que precisaban que Feijóo seguira no goberno polo ben de Redondela.*

*Os padróns se intentan mellorar, como coas ordenanzas, había unha debilidade neste tema, pero isto é un proceso, se están dando xiros constantes e consistentes, non se intenta enganar a ninguén, cando preguntan, responden, contando con apoio e asesoramento dos técnicos municipais.*

*As bases da piscina, están razoadas, a piscina naceu mal, non se contou coa explotación da súa xestión, o cal poderá afectar ao orzamento, como o afecta o plan Marisma.*

*Respecto a distintas parroquias: Tanto en Chapela como en Soutoxuste, comprometeu o saneamento. E, do problema co camino de Chapela, comprometeuse coa canalización da auga.*